

PROXECTO: MAR DAS ILLAS ATLÁNTICAS.

Rede de apoio e preparación dos profesionais da pesca ao turismo mariñeiro.

DATOS DAS ENTIDADES ORGANIZADORAS

FUNCIÓN	NOME
1 COORDINADOR	GALP RÍA DE PONTEVEDRA
2 COLABORADOR	GALP RÍA DE AROUSA
3 COLABORADOR	GALP RÍA DE VIGO - A GUARDA
ENTIDADE COLABORADORA	Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

LOCALIZACIÓN DO PROXECTO

Toda a zona de influencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia: Boiro, Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribadumia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa / Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo, Meaño / Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, O Rosal, Oia, Baiona, A Guarda.

XUSTIFICACIÓN

O proxecto pretende o desenvolvemento dunha iniciativa transversal que afecta a todos os ámbitos por tratarse de dar resposta a novas oportunidades para o desenvolvemento de actividades turísticas por parte do sector pesqueiro.

1. *Xornada técnica de estudo de alternativas de turismo mariñeiros nas Rías Baixas:* Responde á necesidade de informar ao sector co obxectivo de amosar os diferentes aspectos vinculados ao desenvolvemento das actividades de turismo mariñeiro: administrativo, fiscal, laboral (Seguridade Social), turístico....



2. *Formación inicial dos profesionais do mar para a actividade de Guías do Parque Nacional:*
Con esta formación preténdese achegar ás persoas participantes á xestión da actividade no marco do turismo mariñeiro e da difusión do patrimonio marítimo pesqueiro da zona así como complementar o perfil profesional destes profesionais como guías do Parque para a divulgación do Parque Nacional, do patrimonio marítimo pesqueiro e da cultura mariñeira.
3. *Edición de guías/manuais:* Ao fin de recoller as conclusións acadadas na xornada técnica e difundir entre o sector todos os aspectos vinculados ao desenvolvemento do turismo mariñeiro realizaranse dúas guías informativas, unha dedicada ao emprendemento e os aspectos técnicos, e outra sobre o valor turístico e medioambiental do Parque Nacional das Illas Atlánticas como punto de interese no turismo mariñeiro
4. *Rede de comunicación:* Co fin de promocionar o proxecto e comunicar as diferentes actividades a desenvolver e os principais resultados acadados dentro do proxecto dinamizaranse os principais eventos e novidades do programa a través de RRSS e realizarase o deseño da imaxe corporativa do proxecto.

OBXETIVOS DO PROXECTO MAR DAS ILLAS ATLÁNTICAS.

O **principal obxectivo** do proxecto consiste en promover a actividade do turismo mariñeiro entre o colectivo de mariñeiros e seus familiares nas Rías Baixas de Galicia, especialmente no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a través da información e asistencia ao desenvolvemento de ditas actividades e formación como intérpretes do patrimonio marítimo-costeiro facendo fincapé no Parque Nacional de forma que ao mesmo tempo se lles ensine a forma de amosar aos visitantes o patrimonio natural do Parque.

Este proxecto promove a creación de novas iniciativas xeradoras de emprego a través a diversificación da actividade pesqueira.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS

- Promover unha cultura de traballo en rede.
- Coñecer os aspectos técnicos do turismo mariñeiro.



- Reforzar o empoderamento do sector pesqueiro, en especial das mulleres a nivel persoal.
- laboral ou profesional, para as que se reservará un 40 % das prazas.
- Mellorar a capacidade organizativa e a autoorganización.
- Promover unha estratexia de emprendemento.
- Capacitar aos profesionais do mar en diferentes materias relacionadas co seu desenvolvemento profesional relacionado coas actividades de turismo mariñeiro.
- Intercambiar boas experiencias en materia de turismo mariñeiro.

A QUÉN VAI DIRIXIDO

O principal colectivo ao que se dirixe é o sector pesqueiro (armadores, mariñeiros/as, bateeiros/as, mariscadores/as, etc) e súas familias que estean interesados en emprender iniciativas relacionadas ao turismo mariñeiro (visitas guiadas a zonas de marisqueo, lonxas, portos, ao Parque Nacional, visitas guiadas sobre a pesca costeira artesanal, a pesca turismo, etc.).

COLABORADORES: PNMTIAG - ESCOLA NAUTICA PESQUEIRA BUEU.

Dada a importancia do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no territorio dos socios beneficiarios, o uso e a importancia que este ten para o sector pesqueiro, colaborará no proxecto o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Para outorgar ao sector dunha formación completa se instruírá aos interesados na realización do turismo mariñeiro como guías do Parque Nacional das Illas Atlánticas xa que non só é unha fonte de recursos pesqueiros senón tamén un espazo natural protexido con un gran interese turístico e ambiental. Por isto, se precisará da colaboración do Parque no desenvolvemento deste proxecto aínda que na actualidade non se conta cun acordo escrito de colaboración.

Por outra parte, dada a temática do proxecto quérese incluír como colaborador para o desenvolvemento deste proxecto á Escola Náutico – Pesqueira de Bueu.

FASES e CRONOGRAMA

1. XORNADA TÉCNICA DE ESTUDO DE ALTERNATIVAS DE TURISMO MARIÑEIRO NAS RÍAS BAIXAS.

Responde á necesidade de informar ao sector co obxectivo de amosar os diferentes aspectos vinculados ao desenvolvemento das actividades de turismo mariñeiro: administrativo, fiscal, laboral (Seguridade Social), turístico....

2. FORMACIÓN INICIAL DOS PROFESIONAIS DO MAR PARA A ACTIVIDADE DE GUÍAS DO PARQUE NACIONAL.

Con esta formación preténdese achegar ás persoas parcipantes á xestión da actividade no marco do turismo mariñeiro e da difusión do patrimonio marítimo pesqueiro da zona así como complementar o perfil profesional destes profesionais como guías do Parque para a divulgación do Parque Nacional, do patrimonio marítimo pesqueiro e da cultura mariñeira.

3. EDICIÓN DE GUÍAS/MANUAIS. XUSTIFICACIÓN E DESCRICION DAS GUÍAS/MANUAIS.

- a. **GUÍA DE EMPRENDEMENTO EN TURISMO MARIÑEIRO E PESCATURISMO.**
- b. **MANUAL DE INICIACIÓN AO TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DE INFLUENCIA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS.**

Ao fin de recoller as conclusións acadadas na xornada técnica e difundir entre o sector todos os aspectos vinculados ao desenvolvemento do turismo mariñeiro realizaranse dúas guías informativas, unha dedicada ao emprendemento e os aspectos técnicos, e outra sobre o valor turístico e medioambiental do Parque Nacional das Illas Atlánticas como punto de interese no turismo mariñeiro